

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto cuarto da orde do día, reincorporándose á sesión cando se trataba o punto quinto e volvéndose ausentar cando se trataba o punto décimo e reincorporándose cando se trataba o punto décimo primeiro.

O deputado do Grupo Popular, don José Antonio Feijóo Alonso, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 13<sup>º</sup>A e reincorporouse cando se trataba o punto 13<sup>º</sup>B.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta:

<http://videoacta.depourense.es>

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2016.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de xaneiro de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e a acta da sesión anterior é aprobada por unanimidade dos/das vinte e cinco membros corporativos.

### **2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO LOCAL DOS PEARES.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar definitivamente a modificación dos estatutos do Consorcio Local dos Peares conforme co acordo adoptado polo Consello Xeral do dito Consorcio o 28 de xaneiro de 2016.

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA UTILIZACIÓN POR TERCEIROS DAS INSTALACIÓNS E CENTROS CULTURALS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

O Sr. presidente anuncia que se presentou unha emenda a esta ordenanza pola Presidencia de data 25 de febreiro de 2016.

A continuación o Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade así como a emenda da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourenzana (2) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da utilización por terceiros das instalacións e centros culturais da Deputación Provincial de Ourense, co contido que seguidamente se transcribe:

***Artigo 1.- Obxecto e finalidade.***

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

*1. A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do uso das instalacións e centros culturais de titularidade da Deputación Provincial de Ourense definidos no artigo 2, que teñen a condición de bens de dominio e servizo público, por parte de cidadáns, agrupacións, asociacións, entidades públicas ou privadas, para a realización de actividades culturais ou sociais, previa autorización administrativa nos termos que se sinalan na presente ordenanza.*

*2. A finalidade desta norma é polo tanto establecer unha regulación básica para o correcto funcionamento dos ditos espazos culturais, desenvolvendo os requisitos e condicións para a súa utilización por parte de terceiros.*

**Artigo 2.- Ámbito de aplicación.**

*O ámbito de aplicación da presente ordenanza inclúe os seguintes centros de titularidade provincial:*

*a) Centro Cultural Marcos Valcarcel, o cal consta de:*

*- Salón de actos*

*- Salas de exposicións (Hall de acceso, Cero, Un e Dous)*

*- Aulas de formación (Central, Cruz Vermella e Progreso)*

*b) Teatro Principal*

**Artigo 3.- Usos permitidos.**

*1. Os espazos culturais da Deputación de Ourense poderán cederse a terceiros, previa autorización nos termos indicados na presente ordenanza, para o desenvolvemento de actividades culturais ou sociais, tales como concertos, espectáculos, representacións teatrais, exposicións, congresos, conferencias, actividades formativas ou outras análogas.*

*2. En todo caso, os usos permitidos deberán ser compatibles coa adecuada conservación dos inmobles, e axustarse ás normas urbanísticas e sectoriais aplicables, e en particular á normativa e espectáculos públicos e actividades recreativas vixente en cada momento.*

*3. Non precisarán de autorización as actuacións nas que a propia Deputación ou os seus organismos dependentes actúen como promotores.*

**Artigo 4.- Autorizacións de uso. Tramitación e contido.**

*1. Os/as interesados/as deberán presentar solicitude de autorización no modelo normalizado que en cada momento estableza a Presidencia, na que consignaran todos os*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

*datos solicitados, cunha antelación mínima de dun (1) mes respecto á data para que solicitan o uso. Á referida solicitude deberá ir acompañada dunha memoria descritiva da actividade ou evento a desenvolver, na que se indicará ademais se é precisa a utilización de equipos técnicos (tales como equipos de luz ou son) e si se utilizarán equipos da propia instalación ou se instalarán equipos propios do solicitante.*

*As solicitudes presentadas cunha antelación inferior á establecida no parágrafo precedente non serán admitidas a trámite, agás naqueles supostos en que se xustifique a imposibilidade de ter formulado anteriormente a solicitude por causa de forza maior.*

*2. A presentación das solicitudes, subscrias polo solicitante ou o seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no Rexistro Xeral ou no Rexistro electrónico desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*3. Vista a solicitude formulada emitirase informe - proposta polo empregado público responsable da instalación da que se solicita o uso, o cal será incorporado ao expediente, e remitido ao órgano competente para resolver.*

*Se no informe evacuado se aprecia que a documentación presentada se atopa incompleta ou inexacta, abrirase un prazo de emenda ou mellora da solicitude presentada, por conduto da Presidencia.*

*A tramitación destas solicitudes terá carácter preferente e urxente, reducíndose os prazos ordinarios de tramitación á metade conforme co establecido na lexislación de procedemento administrativo común.*

*4. A Presidencia adoptará resolución motivada no prazo máximo de dez (10) días, contados a partir da data de presentación da documentación completa no rexistro da Deputación. De non terse completado o expediente antes do quinto día hábil anterior á data de utilización solicitada por causa imputable ao interesado, procederá a denegación da solicitude.*

*En caso de autorizarse o uso solicitado, na autorización farase constar necesariamente:*

*- A persoa ou entidade a cuxo favor se expide a autorización, determinándose deste xeito a identificación do responsable a tódolos efectos.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

- *O uso concreto autorizado, no que se indicará si se permite a utilización de equipos técnicos ou a instalación ou utilización de equipos propios do solicitante.*

- *Datas e horas durante as que se autoriza o uso do espazo solicitado.*

- *Liquidación do prezo público correspondente, coa información necesaria para o seu pagamento.*

- *Garantía esixida, e condicións para a súa constitución, nos supostos previstos no artigo 9.*

- *Esixencia de póliza de responsabilidade civil ou outros seguros que deba subscribir o autorizado, nos supostos previstos no artigo 8.*

*A resolución de autorización quedará suxeita, en todo caso, ás seguintes condicións:*

*a) O pagamento do prezo público.*

*b) A constitución das garantías ou pólizas esixidas.*

*c) Á obtención das autorizacións ou á formulación das comunicacións previas ou declaracións responsables que sexa esixibles, de se – lo caso.*

*En tanto en canto non se acredite o cumprimento destas condicións, a autorización non producirá efectos.*

*5. A resolución será notificada ao interesado no lugar indicado na súa solicitude.*

*6. Non se poderán ceder, subarrendar ou transferir todos ou parte dos dereitos de uso sen o previo consentimento expreso do órgano competente da Deputación.*

*7. A denegación da solicitude só poderá fundamentarse nalgunha das seguintes tres causas:*

*a) A incompatibilidade do uso solicitado coa utilización do espazo pola propia Deputación ou os seus organismos dependentes.*

*b) A incompatibilidade do uso con outro uso privado solicitado previamente.*

*c) A incompatibilidade do uso coa adecuada conservación do inmovible e coas esixencias de seguridade ou salubridade para as persoas, ou coas normas urbanísticas e sectoriais aplicables, e en particular coa normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

*Para estes efectos, considerarase que un uso é incompatible coa adecuada conservación do inmovible cando ese uso implique un especial riscos de danos nas instalacións ou de produción de prexuízos a terceiros.*

**Artigo 5.- Criterios para a concesión de autorizacións en caso de solicitudes concorrentes.**

*No caso de concorrencia de solicitudes incompatibles entre si para unha mesma data e centro solicitado, a autorización concederase ao solicitante cuxa instancia tivera entrada en primeiro lugar no rexistro da Deputación.*

**Artigo 6.- Prezos públicos pola utilización dos centros e instalacións culturais.**

*1. O uso dos espazos culturais da Deputación incluídos no ámbito de aplicación da presente ordenanza por persoas ou entidades implicará a obriga de aboamento dos prezos públicos que se fixen polo Pleno ou, en virtude de delegación, pola Xunta de Goberno, consonte ao sinalado no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

*2. Os prezos públicos estableceranse conforme ao valor de mercado estimado das instalacións cedidas. Non obstante o anterior, se establecerán bonificación do 100 % dos prezos, nos seguintes casos:*

*a) Solicitudes realizadas por entes públicos ou entidades sen ánimo de lucro.*

*b) Solicitudes para a realización de actos benéficos.*

*c) Solicitudes para a realización de actividades extraescolares de centros educativos sostidos con fondos públicos.*

*Agás no suposto de actos benéficos, en ningún caso se concederán estas bonificacións cando o usuario autorizado cobre a terceiros pola asistencia ás actividades realizadas ao abeiro da autorización.*

*3. Os prezos públicos esixiranse en réxime de liquidación, e o seu pagamento será requisito imprescindible de eficacia da autorización.*

**Artigo 7.- Condicións do uso.**

*1. No acordo de autorización de uso estableceranse as condicións impostas respecto da conservación dos inmobles, seguridade, salubridade, ou de protección de terceiros interesados, todo elo consonte ao principio de proporcionalidade.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

2. *Será por conta do solicitante a obtención de todas as autorizacións e permisos que sexan esixibles para o desenvolvemento da actividade ou evento solicitado así como a presentación das comunicacións previas ou declaracións responsables que sexan preceptivas. A autorización de uso non substitúe en ningún caso a ningunha autorización, permiso, comunicación previa ou declaración responsable que sexa preceptiva.*

3. *Os organizadores ou promotores de eventos ou actividades autorizadas para o uso dos espazos culturais incluídos no ámbito de aplicación da presente ordenanza exercerán única e exclusivamente poderes de dirección e organización respecto do seu persoal.*

*Sen prexuízo do anterior, os usuarios autorizados deberán respectar en todo momento as directrices e instrucións respecto da utilización do espazo autorizado que lles subministre o persoal provincial.*

4. *Nos supostos en que a utilización autorizada esixa a utilización de equipos técnicos da instalación, estes serán operados exclusivamente polo persoal técnico da Deputación Provincial. Excepcionalmente, cando a Deputación non dispoña dese persoal, o usuario autorizado poderá operar estes equipos con persoal propio, sempre que acredite que este persoal dispón da cualificación técnica precisa e se constitúa a correspondente garantía.*

5. *A autorización do uso de equipos alleos á instalación só se concederá cando quede acreditado que a súa utilización non implique especiais riscos de causación de danos aos bens provinciais.*

**Artigo 8.- Seguros.**

*O usuario autorizado estará obrigado á contratación dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos fronte a terceiros polo uso autorizado, cando estes danos non estean cubertos polas pólizas de seguro vixentes subscritas pola propia Deputación.*

**Artigo 9. Garantías.**

*O usuario autorizado estará obrigado a constituír garantía a favor da Deputación Provincial naqueles casos en que o uso autorizado implique riscos relevantes de causación de danos aos bens provinciais. A garantía deberá cubrir o valor estimado deses posibles danos*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

***Disposición derradeira***

*A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre e cando transcorresen os prazos establecidos no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.*

**Segundo:** Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días, aos efectos de presentación de reclamacións e/ou suxestións. No caso de que non se teña presentado reclamación e/ou suxestión ningunha entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial quedando facultado expresamente o Presidente para proceder á publicación íntegra da Ordenanza no BOP como requisito de eficacia para a súa entrada en vigor.

**4º.- DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO DO EXERCICIO DA COMPETENCIA PARA A FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS E CENTROS CULTURAI DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado presente de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Delegar na Xunta de Goberno da Deputación o exercicio da competencia para a fixación de prezos públicos por utilización de instalacións e centros culturais da Deputación Provincial de Ourense.

2º.- A presente delegación de competencias terá efectos a partir do día seguinte á entrada en vigor da Ordenanza reguladora da utilización por terceiros das instalacións e centros culturais da Deputación Provincial de Ourense.



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

3º.- O presente acordo publicarase no BOP para xeral coñecemento.

**5º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DUN CENTRO DE CONTINUIDADE PARA NEN@S CON DISCAPACIDADE FÍSICA E PSÍQUICA EN OURENSE.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Suárez para que defenda o contido da seguinte moción:

*“Recentemente o Goberno Galego aprobou a súa Estratexia Galega sobre discapacidade 2015-2020. En teoría este programa de obxectivos e actuacións debería dar resposta ás necesidades de atención, formación, inclusión, dereitos de igualdade das persoas con discapacidade e das súas familias. Porén, se se analiza dito documento non aparece nin unha soa medida ou actuación dirixida a resolver unha problemática que afecta a moitas familias e ás que a día de hoxe, no caso de Ourense, desde o ámbito público, non se lles ofrece ningunha solución. Estamos a referirnos ás persoas novas con discapacidade física e/ou intelectual. Actualmente en Ourense estas persoas contan cun dispositivo -o Centro de Educación Especial Miño- dependente da Consellaría de Educación. Este centro que dispón dos medios materiais e humanos, formados en diferentes disciplinas e especialidades para facer fronte ás necesidades educativas e asistenciais dos e das menores so permite a escolarización até a idade de 21 anos. O gran problema para as familias xorde cando ao chegaren a esa idade teñen que abandonar este centro, sen a posibilidade de que en Ourense, ao non existir ningún centro de continuidade os seus fillos e fillas poidan recibir a atención, formación e demais prestacións asistenciais e sociais para garantir os seus dereitos. A esta situación hai que engadir que no resto de Galiza, nos poucos centros específicos que existen as prazas son moi limitadas, polo que aínda no caso de que o desprazamento fose unha solución aceptábel para as familias, non contan nin con esa posibilidade. Nos casos máis graves a única solución que se lles ofrece por parte da administración é a de acudir a dispositivos de atención a persoas maiores o cal é un auténtico desatino que ademais vulnera gravemente os seus dereitos asistenciais e mesmo humanos. Non nos parece asumíbel como solución vital nin asistencial para estas persoas e desde logo contravén o principio do seu dereito á integración social. As necesidades que se precisan atender son variadas. Hai familias que en función da patoloxía ou situacións dos seus fillos ou fillas precisan de atención permanente con internamento, mais tamén asisten situacións nas que o que se precisa é só atención diúrna, ou incluso algún dispositivo que permita o respiro familiar. En calquera caso o que é imprescindible é que no centro se lles dispense a atención e formación adecuadas para garantir a mellor calidade de vida posíbel. Estes centros non contan nin coas características nin coa persoal especializada necesario para cubrir as súas necesidades formativas, ocupacionais nin asistenciais. Os centros de maiores carecen de especialistas en formación, técnicos ocupacionais, logopedas ou outro persoal que se require para a atención adecuada a estes mozos e mozas. Polo tanto acaban sendo só un lugar no que confinalos pero vulnerando gravemente os seus dereitos humanos e legais. Estas son as razóns polas que o Grupo Provincial do BNG somete para debate e aprobación, se procede, os seguintes ACORDOS:*

*1.- Instar ao Goberno Galego a que a través da Consellaría de Política Social realice as xestións para dotar a Ourense dun centro de continuidade que dea cobertura ás*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

*necesidades das persoas con discapacidade física e intelectual a partir da idade de 21 anos, e das súas familias.*

*2.- Igualmente a que con carácter de urxencia, e para atender as necesidades inmediatas, en colaboración coa Consellaría de Educación, se establezan mecanismos de colaboración para garantir a permanencia no centro de educación especial Miño dos e das menores que cumpran os 21 anos mentres non se resolva a situación con carácter definitivo”.*

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, di que lle gustaría ceder a súa primeira quenda de intervención a un representante dos pais e nais dos nenos discapacitados que se atopan no salón de sesións, para que expliquen neste plenario cal é a súa problemática e cales son as súas demandas.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista**, manifesta que eles tamén lle ceden a súa primeira quenda de intervención.

Seguidamente ocupa o escano do deputado do BNG **dona M.<sup>a</sup> Eva Gutiérrez Fernández**, representante dos pais e nais dos nenos discapacitados. Posteriormente ocupa o mesmo escano para intervir don **Pedro Rodríguez Salgado**, presidente da APA do Colexio de Educación Especial Miño (Velle).

As intervencións neste punto, recollidas no punto quinto da vídeo acta da sesión, están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e dado que no transcurso do debate o Grupo Popular retirou a emenda á moción presentada, sométese a votación a moción inicialmente presentada polo BNG e por unanimidade dos/das vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao goberno galego a que a través da Consellería de Política Social realice as xestións para dotar a Ourense dun centro de continuidade que lles dea cobertura ás necesidades das persoas con discapacidade física e intelectual a partir da idade de 21 anos, e das súas familias.

2º.- Igualmente, a que con carácter de urxencia, e para atender as necesidades inmediatas, en colaboración coa Consellería de Educación, se establezan mecanismos de colaboración para garantir a permanencia no centro de educación especial Miño dos e das menores que cumpran os 21 anos mentres non se resolva a situación con carácter definitivo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

**6º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO DE 2016.**

Trala ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar definitivamente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2016, co seguinte contido:**

**1ª) Obxecto:**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2016. A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal posibilitando, asemade, a contratación dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos, de ser o caso.

**2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que contraten persoal en réxime de dereito laboral ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con empresarios suxeitos ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2016.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións.

**3ª) Contía das subvencións:**

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 10.000,00

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

€ e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos subvencionados.

**4ª) Disponibilidades orzamentarias:**

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria consignarase o crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016, por importe global máximo de 910.000,00 €.

**5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:**

As solicitudes, subscritas polo alcalde interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Declaración, subscrita polo presidente, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme co disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

- Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas polo concello ou que lle fosen concedidas para o financiamento dos contratos para os que se solicita subvención.

**6ª) Procedemento de concesión:**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme cos criterios de concesión recollidos na base 8ª.

**7ª) Comisión de valoración:**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Un deputado designado pola Presidencia.

Actuará como secretario da comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos aos deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

**8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:**

1. Para o outorgamento das subvencións, a comisión de valoración aplicará os seguintes criterios:

Establécese unha axuda lineal para cada concello da provincia de poboación inferior a 20.000,00 habitantes de 10.000,00 €, achega que se minorará na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o importe do contrato para subvencionar fose inferior á dita cantidade.
- Se o conxunto das achegas que financian a actuación exceden, no seu conxunto, do 100% do custo da contratación subvencionada.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

2. A comisión de valoración cualificará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes.

**9ª) Resolución:**

A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, agás naqueles supostos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, tralos informes previos que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunicar o rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, os remanentes reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

**10ª) Publicidade da concesión:**

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das subvencións concedidas. Ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos.

**11ª) Xustificación da subvención:**

Os concellos beneficiarios deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 30 de outubro de 2016. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario do concello na que se indique a contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigación no exercicio 2016.

B) Certificación do secretario do concello das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.

C) Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.

D) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 12ª destas bases, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior á presentada na solicitude que serviu de base para a concesión da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

**12ª) Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei. Así mesmo, no lugar onde se realicen os servizos deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -en modelo normalizado e publicado na web institucional- no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

**13ª) Normativa supletoria:**

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**2º.- Establecer como prazo de presentación de solicitudes o prazo de un (1) mes, que comezará a contar desde a publicación do anuncio de aprobación definitiva das presentes bases do BOP.**

**7º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO DE 2016.-**

Trala ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcese as intervencións que se recolle no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

**1º.- Aprobar definitivamente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2016, co seguinte contido:**

**1ª) Obxecto:**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2016. A finalidade deste Programa é a contribución ao financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia en prol da mocidade ao longo do exercicio 2016.

**2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que desenvolvan calquera actividade en prol da mocidade durante o exercicio 2016.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actuacións.

**3ª) Contía das subvencións:**

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos derivados das actividades subvencionadas.

**4ª) Dispoñibilidades orzamentarias:**

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria consignarase o crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016, por importe global máximo de 546.000,00 €.

**5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:**

As solicitudes, subscritas polo alcalde interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Declaración, subscrita polo presidente, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme ó disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

- Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas polo concello ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención.

**6ª) Procedemento de concesión:**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á comisión de valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme cos criterios de concesión recollidos na base 8ª.

**7ª) Comisión de valoración:**

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Un deputado, designado pola Presidencia.

Actuará como secretario da comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos aos deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

**8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:**

1. Para o outorgamento das subvencións, a comisión de valoración aplicará os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

seguintes criterios:

Establécese unha axuda lineal para cada concello da provincia de poboación inferior a 20.000,00 habitantes de 6.000,00 €, achega que se minorará na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o importe das actividades a subvencionar fose inferior a dita cantidade.
- Se o conxunto das achegas que financian a actuación exceden, no seu conxunto, do 100% do custo das actividades subvencionadas.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

2. A comisión de valoración cualificará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes.

**9ª) Resolución:**

A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, previos os informes que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunicar o rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, os remanentes reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

**10ª) Publicidade da concesión:**

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das subvencións concedidas. Ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos.

**11ª) Xustificación da subvención:**

Os concellos beneficiarios deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 30 de outubro de 2016. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario do concello na que se indique a contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigación no exercicio 2016.

B) Certificación do secretario do concello das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.

C) Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.

D) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 12ª destas bases, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior á presentada na solicitude que serviu de base para a concesión da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

**12ª) Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei. Así mesmo, no lugar onde se realicen os servizos deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -en modelo normalizado e publicado na web institucional- no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

**13ª) Normativa supletoria:**

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**2º.- Establecer como prazo de presentación de solicitudes o prazo de un (1) mes, que comezará a contar desde a publicación do anuncio de aprobación definitiva das presentes bases do BOP.**

**8º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO REDESEÑO DA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

Trala ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Pérez Jácome para que defenda o contido da seguinte moción:

*“El Grupo Provincial de Democracia Ourensana considera un despropósito las partidas de gastos de comunicación de este organismo provincial (entiéndase medios de comunicación, medios impresos, audiovisuales varios y telemáticos), por ello exponemos los siguientes puntos:*

- 1. Por un lado, criticamos el **montante total del gasto**, que supera con creces el millón de euros anual. Es una partida que ronda el 2% del presupuesto de la Diputación*
- 2. Por otro lado, censuramos el **criterio de elección de proveedores**, siendo arbitrario y no proporcional a audiencias o lectores, y sin salir a concurso cuando el importe supera con creces lo que marca la ley para no asignarse a dedo*
- 3. Por último, criticamos la **naturaleza del gasto**, que incide en el autobombo y promoción del propio organismo y dirigentes, además de publicitar el nombre Ourense principalmente en Ourense (publicidad de efecto 0)*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

*Con el actual modus operandi de partidas millonarias que se suman año tras año y a dedo, es altamente influenciable la línea editorial de los medios, que informan a los ourensanos, lo cual distorsiona la realidad confundiendo opinión pública con opinión publicada.*

*Es propio de regímenes totalitarios el esfuerzo máximo de recursos en política de comunicación y propaganda. Es lamentable que en todo este esfuerzo publicitario, que apenas haya habido hueco para anunciar ofertas de empleo o de contratación de proveedores en cuantías que no obliga la ley. Por último, consideramos necesario que se rediseñe el concepto de comunicación a transmitir donde la oposición tenga un espacio propio, para conseguir una cuota de información proporcional y que no quede ésta restringida en un 100% al grupo de gobierno, como si de un estado totalitario se tratase.*

*Por todo ello el grupo político de Democracia Ourensana presenta para su debate y aprobación la siguiente moción: **Propuesta:** Convocar una reunión de los grupos políticos que conforman la corporación provincial a la mayor brevedad, para estudiar, tratar e intentar consensuar, una nueva política de comunicación, que revise a la baja el gasto, que establezca criterios objetivos y eficaces en la selección de proveedores y en las cuotas de participación de la oposición”.*

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana,** explica o contido da moción.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción presentada, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados de Democracia Ourensana (2), o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1).

**9º.- PROGRAMA PROVINCIAL BENOURENSE DE ASISTENCIA ECONÓMICA, TÉCNICA E XURÍDICA AOS CONCELLOS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2016.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de extraordinaria de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos/as deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos/as deputados/as do Grupo Socialista (8) de Democracia Ourensana (2) e do BGN (1) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Desestimar a reclamación formulada polos concellos de Petín, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras en relación co Programa BenOurense 2016, por referirse á inclusión no programa dun servizo intermunicipal inexistente ao día da data; sen prexuízo de manifestar a disposición da Deputación a estudar a posible inclusión futura dun servizo intermunicipal prestado por unha agrupación de municipios sen personalidade xurídica, previa a avaliación, por parte da Área de Benestar, do correspondente proxecto presentado polos concellos.

2º) Aprobar definitivamente o Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2016, conforme ao texto sometido a información pública no BOP de 10 de febreiro de 2016.

**10º.- PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA PARA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DEPENDENTES DE CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2016.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa extraordinaria de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), a abstención do deputado presente de Democracia Ourensana (1) e o voto en contra do deputado do BNG (1) o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar o Programa BenOurense Infancia para concesión de subvencións para puntos de atención á primeira infancia e servizos complementarios dependentes

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

de corporacións locais para o exercicio 2016 conforme coas bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia do 10 de febreiro de 2016.

**11º.- MOCIÓN SOBRE AXUDAS PARA INSTALACIÓNS E SERVIZOS PÚBLICOS NOS NÚCLEOS HISTÓRICOS DA PROVINCIA.-**

Trala ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que defenda o contido da seguinte moción:

*“A provincia de Ourense conta cun patrimonio histórico único que o converte nun dos seus principais valores a manter e utilizar na súa oferta turística e como ferramenta de desenvolvemento e creación de emprego nas nosas comarcas. Neste escenario os núcleos e conxuntos históricos requiren o mantemento dunha calidade nos servizos e un estado que os veciños residentes e os concellos lle resulta difícil manter, ademais moitas das actuacións necesarias non poden ser afrontadas polo elevado custo. Realizar as instalacións de abastecemento, saneamento ou alumeado nas condicións requiridas ten un custe maior que noutros espazos. Eliminar cabreados de subministración eléctrica ou telefonía das fachadas, suprimir antenas de televisión, instalar rótulos ou publicidade, sinais de tráfico, papeleiras ou contedores, de forma respectuosa co contorno, instalar sistemas de peonalización, restaurar espazos degradados son algunhas das que se require un sistema de axuda que permita manter uns conxuntos históricos que é patrimonio colectivo e una fonte de riqueza a aproveitar. Por todo o exposto anteriormente o Grupo Provincial Socialista somete a debate e aprobación a seguinte, **proposta de acordo:***

- *Crear una liña de axuda ás actuacións municipais en servizos e espazos públicos dos conxuntos e núcleos históricos (que teñan algún grado de protección), para o que se redactará no primeiro semestre deste ano unha convocatoria pública na que se recollan as actuacións a financiar, porcentaxe e contía así como os criterios para a concesión”.*

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, explica o contido da moción.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e sométese a votación a moción, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14).

**12º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA ÁRABE SAHARAUI DEMOCRÁTICA.-**

O **Sr. presidente** manifesta que para que este asunto sexa unha declaración institucional teñen que estar todos os grupos de acordo con ela, e como isto non é así propón que, como había que ratificar a inclusión do asunto na orde do día, non se ratifique a súa inclusión e que quede posposta para outra sesión por se alguén quere retomar o asunto.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, pide que si se ratifique a súa inclusión na orde do día, en todo caso se non se quere tratar como unha declaración institucional que se trate como unha moción da Presidencia.

O **Sr. presidente** manifesta que lle dará a palabra aos grupos para que manifesten a súa postura sobre o debate deste asunto, pero que non sería unha moción da Presidencia.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, manifesta que como este asunto é moi parecido a unha moción de urxencia que presentou o BNG, con que se debata unha chega.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que é lamentable que unha declaración institucional que todos tiñan a ben facer, pois que non se faga. Non ten problema en debater o asunto, porque a súa postura está clara. Pero isto era unha declaración institucional e, ao parecer, hai un grupo que non a apoia e iso é o que ten que quedar claro. O seu grupo apoia a declaración institucional.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que está de acordo co Sr. Gómez Pérez. Di que se intentou consensuar a declaración pero non foi posible. O punto da orde do día é a declaración institucional. Dille ao portavoz do BNG que se a quere presentar o grupo como moción non ten problema, pero que se debe respectar a orde do día e se quere a pode retomar para o próximo pleno e debateríase na comisión informativa competente e cada un expresará a súa postura.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)



<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente reitera que para que sexa unha declaración institucional teñen que estar de acordo todos os grupos políticos da Corporación. Resulta acreditado que non é así, polo que se retira o punto e queda posposto para o seu posible tratamento noutra sesión plenaria.

### **13º.- MOCIÓN DE URXENCIA**

O Sr. presidente anuncia que se presentaron tres mocións. A primeira é unha moción do BNG solicitando da Deputación de Ourense a declaración de espazo libre de aperttheid israelí, e a adhesión á campaña BDS (boicot, desinvestimentos e sancións).

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, pide que, en atención ao colectivo de bombeiros que está presente no salón de sesións, se debata primeiro a moción que presentou o Grupo Socialista.

Por unanimidade dos grupos políticos se debaterá en primeiro lugar a seguinte moción:

### **13ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A XESTIÓN DIRECTA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.-**

Trala unánime declaración da urxencia do asunto, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Fraga Civeira para que defenda o contido da seguinte moción:

*“Despois dunha década de progresiva privatización dos servizos de emerxencias e bombeiros, por parte do goberno da Xunta de Galicia, atopámonos nunha situación que podemos considerar heteroxénea e caótica no que ás características do servizo se refire. O modelo de xestión das emerxencias, implantado polo goberno autonómico, que combina a xestión directa coa, cada vez máis habitual, fórmula indirecta; levou a que os bombeiros galegos loiten pola homoxeneización do servizo e das condicións laborais. Esta homoxeneización, mediante a xestión directa do servizo, revertería nunha seguridade xurídica, non só, para os propios traballadores, que desempeñando unha función tan sensible non poden estar sometidos ós vaivéns e intereses das empresas privadas concesionarias; senón para o propio servizo, imprescindible para o conxunto da cidadanía. Así mesmo, hai que ter en conta que, mediante a privatización da xestión do servizo en mans de empresas alleas ao sector, coma poden ser construtoras, consultoras medioambientais, carroceiros de vehículos, xestión de residuos, limpeza, etcétera. A xestión por parte destas empresas supón un atraso no que respecta a conseguir os obxectivos dun servizo público de calidade. As empresas privadas procuran a maximización dos seus beneficios polo que tenden a aforrar en todos aqueles custos que*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

*consideren superfluos para o desenvolvemento do servizo. Isto, tradúcese no retallo en custos laborais e en material dispoñible, e na xestión dos medios que pagamos entre todos, por exemplo. Unha xestión directa do servizo contra incendios e salvamento non ten porque ser máis cara nin menos eficiente, exemplos hai que o demostran. Trátase dun servizo de vital importancia para a cidadanía que debe ser prestado por empregados públicos, que permitiría outorgarlle a debida seguridade xurídica ás súas actuacións ó estar investidos da condición de autoridade, ademais de mellorar en condicións de traballo, seguridade, eficiencia e coordinación.***Proposta de acordo:**

*-Asumir a xestión directa do servizo que vai prestar o Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, por parte do consorcio conformado pola Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia.*

*-Instar á Xunta de Galicia e ó resto das Administracións públicas implicadas na xestión dos parques comarcais de bombeiros a que opten pola xestión directa nos Consorcios de Bombeiros.*

*-Instar á Xunta de Galicia a crear o Corpo de Bombeiros de Galicia do que formen parte os empregados públicos que presten o seu servizo nos diferentes parques comarcais.*

*-Esixir da Xunta de Galicia a elaboración e aprobación de xeito urxente do Regulamento do Bombeiro Profesional recollido na Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia”.*

**D. Francisco José Fraga Civeira, do Grupo Socialista,** agradécelle ao portavoz do BNG o seu xesto para poder tratar este asunto en primeiro lugar e expón o contido da moción.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 13º.A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro A](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos/das deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (13).

**13ºB.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE A DECLARACIÓN DE ESPAZO LIBRE DE APERTHEID ISRAELÍ, E A ADHESIÓN Á CAMPAÑA BDS (BOICOT, DESINVESTIMENTOS E SANCIÓN).**

O Sr. presidente manifesta que procede, en primeiro lugar, votar a urxencia da moción, polo que lle cede a palabra ao portavoz do BNG para que a xustifique.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG,** expón os motivos para xustificar a urxencia da moción.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 13ºB da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro B](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a urxencia no tratamento da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos/das deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra dos/das deputados do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2).

**13ºC.- MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO MES DE MARZO DE 2016.-**

Trala unánime declaración da urxencia do asunto, o Sr. secretario dá lectura á moción da Presidencia.

Non se producen intervencións e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Fixar a data de celebración do Pleno ordinario do mes de marzo, do seguinte xeito: día 31 de marzo de 2016, xoves, ás 10:00 horas.

**14º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de xaneiro de 2016 e 1º adicional de xullo, 2º de agosto, 3º de outubro e 1º de decembro de 2015.
- Deputado delegado de Facenda: mes de xaneiro de 2016 e 2º adicional de novembro e 1º de decembro de 2015.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xaneiro de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xaneiro de 2016.

**15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

O **Sr. presidente** anuncia que se presentaron dúas preguntas por rexistro para a súa contestación en Pleno. A primeira delas é do Grupo Socialista e pregunta cantos cartos leva investido a Deputación Provincial de Ourense na canceira do Ribeiro, situada no Concello de Melón. O **Sr. presidente** responde que lle achegarán os informes correspondentes do xefe do Servizo de Medio Rural, que di que cero (0) euros desde que se puxo en funcionamento a rede provincial de centros de animais abandonados; o informe da xefa da Sección de Subvencións no que se di tamén que cero (0) euros e que non consta ningunha subvención; e o informe do xefe do Negociado de Obras e Infraestruturas, no que di que cero (0) euros e que desde 1988 non se levou a cabo ningún investimento nesa instalación.

A seguinte pregunta é do BNG, manifestando o **Sr. presidente** que se presentou dentro das vinte e catro horas anteriores á celebración desta sesión (debería terse presentado antes) e está relacionada co rexistro da Deputación no dominio .gal, e pregunta que ten pensado facer a Deputación respecto desta cuestión. O **Sr. presidente** contesta que en decembro de 2014, ante a iniciativa que presentara o BNG, a Deputación rexistrou o dito dominio así como todos os nomes de dominio que fan referencia á nomenclatura da entidade: depourense.gal, deputaciónourense.gal, deputacióndeourense.gal, diputaciónourense.gal e diputacióndeourense.gal; ademais, no ano 2013 tamén se rexistraron os dominios .com, .org e .net, posto que son os dominios máis habituais. O 20 de novembro de 2014 preparouse un convenio destinado aos concellos da provincia para o rexistro dos topónimos oficiais de cada un no dominio .gal e dos noventa e dous concellos aos que se lles enviou o convenio só deron resposta once, en concreto os seguintes: Barbadás, A Bola, Quintela de Leirado, Amoeiro, Rubiá, Sandiás, Ribadavia, Padrenda, Vilamarín, Toén e Larouco. Inicialmente só se realizou o pre rexistro do dominio, posto que só se podía realizar a dita acción á espera da autorización para poder levar a cabo o rexistro definitivo. O dominio .gal estaba destinado a institucións, organizacións, empresas, aínda que agora se pode rexistrar calquera nome. No convenio especificábase que a Deputación se faría cargo dos custos do primeiro ano do rexistro do dominio .gal, posteriormente tería que ser cada concello o encargado de realizar o dito pagamento para manter o nome e non perdelo. Anuncia que o goberno provincial vai afondar nesta cuestión e volver incidir neste tema, coa máxima colaboración, para que os concellos que teñan este compromiso, poidan levalo a cabo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, manifesta que o BNG presentou en reiteradas ocasións neste Pleno preguntas respecto da comisión de irregularidades urbanísticas por parte do Concello de Boborás, concretamente coa instalación de aparellos nun parque biosaudable na localidade de Pazos de Arenteiro, tal e como acreditan os informes sectoriais de Patrimonio ou da Confederación Hidrográfica. Por parte da Presidencia sempre se mantivo (facendo caso omiso ao que dicía o BNG con documentos que así o acreditaban) que o Concello aseguraba cumprir a normativa urbanística, e polo tanto non se cuestionaba tal cousa. Pois ben, nun oficio do propio Concello, dirixido ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, é de salientar o apartado terceiro, que literalmente di: *con independencia do anteriormente exposto, ponse en coñecemento dese Servizo de Patrimonio Cultural, e co fin de evitar calquera tipo de conflito entre administracións respecto dunha cuestión de carácter menor, en transcendencia urbanística ou de afección ao patrimonio histórico-artístico, que se procedeu á desmontaxe dos catro aparellos biosaudables instalados*. O alcalde di que non se vulnerou a normativa pero quita os aparellos. Á vista disto, pregunta que ten pensado facer a Deputación, toda vez que subvencionou uns aparellos que xa non están. Pregunta tamén se ten pensado incoar o correspondente expediente para o reintegro da cantidade subvencionada.

O **Sr. presidente** contesta que lle responderá por escrito.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG**, pregunta tamén sobre unha cuestión xa reiterada e que de pleno a pleno sofre modificacións e que afecta ao Sr. presidente persoalmente. A xuíza do número tres de Ourense acaba de darlle ao Sr. presidente dous desgustos no mesmo día: un impediéndolle acudir á súa cita con Mickey Mouse e outro desestimando os recursos presentados pola Fiscalía pola súa defensa e chamándoo a declarar como investigado o vindeiro día 10 de marzo. As apreciacións da xuíza van incluso máis alá da cualificación dos presuntos delitos dos primeiros momentos, podendo inclusive ampliálo ao delito de tráfico de influencias. Á vista de todo isto, pídenlle ao Sr. presidente por enésima ocasión que dimita xa e que garde as súas forzas para defenderse en sede xudicial, que boa falta lle vai facer.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, manifesta que se lle deu información do que vai gastar a Deputación nas catro etapas que vai estar en Ourense a Volta Ciclista a España 2016. Eles cren que este é un acordo a dúas bandas entre a Xunta de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de febreiro de 2016</b>
--

Galicia e a Deputación, polo que pregunta canto vai chegar a Xunta de Galicia no acordo global.

O **Sr. presidente** contesta que lle responderá por escrito e informa que os únicos acordos que fixo a Deputación foron con Unipublic.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que a administración electrónica nesta Deputación é bastante deficitaria, e roga que se instale o voto telemático que eles pediron xa hai anos e aínda está sen instalar (menos pico e máis pala). Con respecto a unha viaxe que fixo o presidente nos últimos días, di que non entende que desaparecese da axenda esa viaxe; óbviasse á Cámara de Comercio e á CEO para facer esa viaxe e só se lles informa cando se volve. Como son descoñecedores do asunto, pregunta se é a provincia a que vai facer negocio, porque non teñen nada claro: nin con quen se reuniu o presidente, nin canto foi o custo, nin que beneficios trae para a provincia. Anuncia que presentarán unha iniciativa sobre este asunto para que se lles explique todo con máis detalle. Para finalizar di que nunha cuestión tan relevante como esta, calquera outro responsable político tería informado á oposición, cando menos cando se volve da viaxe (aínda que debería ter informado antes dela), pero este presidente leva sen dirixirse á oposición (exceptuando unha vez ao mes nos plenos) máis de cinco meses.

O **Sr. presidente** di que toma nota de todos os rogos e responderá as cuestións por escrito.

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo quinto](#)

E, ás 13.35 horas do día vinte e seis de febreiro do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**